



As revocaduras de cal son mellores porque son máis elásticas que as de cemento puro e, ademais, deixan "respirar" as paredes de pedra.

As revocaduras

16. Que son?

Son recubrimientos realizados basicamente con cal (ou cemento), area e auga, cunhas proporcións entre os compoñentes adecuadas aos usos. Unha vez secas ou carbonatadas, a súa función é protexer os muros de pedra para dotalos de maior solidez e defensa ante o ataque do tempo. As revocaduras tamén son utilizadas como base para a ornamentación e decoración dos edificios e do interior das vivendas.

17. Cales son as mellores?

As revocaduras de cal son unha parte esencial na construción dos edificios tradicionais. Duran moito se están ben feitas: algunhas revocaduras de cal empregadas polos romanos aínda perduran. O uso do cal fai as revocaduras máis elásticas para adaptarse aos pequenos movementos naturais dos muros, o que lles permite "respirar" e, deixando pasar o vapor de auga, facilitan a eliminación da humidade que poidan conter e sanean o ambiente porque regulan a cantidade de vapor de auga do interior das vivendas. Para facilitar isto, é moi importante utilizar as pinturas adecuadas.

18. Pódense pintar?

Pódense pintar sempre que utilizemos pinturas que permitan o paso do vapor de auga, como as pinturas de cal, á témpera ou as pinturas ao silicato. A pintura plástica, en xeral, non permite esta condición, polo que non é aconsellable a súa utilización con estas revocaduras ou nos interiores das vivendas. Tamén se poden deixar as revocaduras sen pintar, na súa propia cor. Neste caso a cor dependerá do tipo de area que empreguemos e da cor dos pigmentos mineais que poidamos engadir.